

ORDENANZA FISCAL Nº 22 REGULADORA DA TAXA POLA OCUPACIÓN DO SUBSOLO, DO SOLO E DO VOO DAS VIAS PÚBLICAS E DOUTROS TERREOS DE USO PÚBLICO LOCAL

ARTIGO 1. FUNDAMENTO E OBXECTO.

En uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución e polo artigo 106 da Lei 7/85, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e de conformidade co disposto nos artigos 15 a 19 do Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, o Concello da Coruña establece a taxa pola ocupación do subsolo, do solo e do voo das vías públicas e doutros terreos de dominio público local, a que se refire o artigo 20. 3 e) e k) do propio real decreto lexislativo, que se rexerá pola presente ordenanza fiscal, e cuxas normas atenden ao previsto no artigo 57 do citado real decreto lexislativo.

ARTIGO 2. FEITO IMPOÑIBLE.

Constitúe o feito imponible desta taxa a utilización privativa ou o aproveitamento especial do subsolo, solo e voo das vías públicas e outros terreos de dominio público.

ARTIGO 3. BENEFICIOS FISCAIS.

Aplicaranse os beneficios fiscais previstos en normas con rango de lei e nos tratados internacionais.

ARTIGO 4. OBRIGADOS TRIBUTARIOS.

1. Son obrigados tributarios, en concepto de contribuíntes, as persoas físicas ou xurídicas e as entidades a que se refire o artigo 35.4 da Lei xeral tributaria que utilicen ou aproveiten o subsolo, solo e voo dos terreos de uso público en beneficio particular. Cando se solicite unha licenza para a utilización ou o aproveitamento, entenderase que ten a condición de suxeito pasivo o solicitante ou a persoa ou entidade que represente.
2. **Serán responsables solidarios da débeda tributaria as persoas ou entidades a que se refire o artigo 42 da Lei xeral tributaria.**
3. Serán responsables subsidiarios os administradores das sociedades e os síndicos, interventores e liquidadores de quebras, concursos, sociedades e entidades en xeral, nos supostos e co alcance que sinala o artigo 43 da Lei xeral tributaria.

ARTIGO 5. BASE IMPOÑIBLE.

Tomarase como base para a determinación da cota tributaria, o tempo de duración dos aproveitamentos e a magnitude deste, medida en metros lineais, cúbicos ou cadrados, segundo a natureza da ocupación.

ARTIGO 6. TARIFAS.

Aplicaranse as seguintes:

	EUROS
1 Ocupacións do subsolo:	
1.1 Por metro lineal ou fracción de tubos, cables ou conducións non pertencentes a empresas explotadoras de servizos públicos, cota anual	0,64
1.2 Por metro cadrado ou fracción de subsolo ocupado con garaxes, cota anual	5,29
1.3 Por metro cadrado ou fracción de subsolo ocupado con corredores, cámaras e, en xeral, espazos destinados a outros usos, cota anual	6,55
1.4 Por metro cúbico ou fracción de subsolo ocupado con tanques ou depósitos de líquidos ou gases, cota anual	9,20
1.5 Tarifa mínima. Con carácter mínimo e sempre que por aplicación da precedente tarifa non se	131,43

ORDENANZA FISCAL Nº 22 REGULADORA DA TAXA POLA OCUPACIÓN DO SUBSOLO, DO SOLO E DO VOO DAS VIAS PÚBLICAS E DOUTROS TERREOS DE USO PÚBLICO LOCAL

alcance a cifra que se fixa a continuación percibiranse

2 Aproveitamentos do solo:	
2.1 Transformadores, por cada metro cadrado ou fracción de superficie ocupada, ao ano	6,92
2.2 Caixas de distribución de rexistro, bocas de carga de combustibles, arquetas, postes e similares instaladas no solo da vía pública, por metro cadrado ou fracción ao ano	5,92
2.3 Carrís ou rieis, por cada metro lineal de carril ou riel, ao ano	0,07
3 Ocupacións do voo:	
3.1 Por cada metro lineal de conducións de enerxía ou comunicacións, ao ano	0,05
3.2 Caixas de distribución de rexistro, bocas de carga de combustibles, arquetas, postes e similares instaladas, por metro cadrado ou fracción, ao ano	2,91
3.3 Tribunas, taboados, plataformas ou outras instalacións semellantes, por metro cadrado ou fracción, ao día	1,59
3.4 Toldos, por metro cadrado ou fracción, ao ano	3,55
4 Cando os aproveitamentos non se realicen en rúas de 1ª categoría fiscal, a cantidade que resulte da aplicación das tarifas anteriores multiplicarase polos seguintes coeficientes para o efecto de determinar o importe que hai que pagar:	

Categoría de rúa	Coefficiente
Segunda	0,9
Terceira	0,8
Cuarta	0,7
Quinta	0,6
Sexta	0,5

Nota para a aplicación da tarifa: As instalacións e os aparatos non enumerados de maneira expresa nos anteriores epígrafes, pero que realizan un aproveitamento do subsolo, solo ou voo da vía pública substancialmente igual aos enunciados, estarán sometidos á tarifa do aparato ou instalación que máis se lles asemelle.

ARTIGO 7. XERACIÓN DA TAXA.

A taxa xerarase cando se solicite a licenza para o aproveitamento ou, por falta de solicitude, cando se inicie este. Cando se trate de aproveitamentos continuados no tempo, o primeiro día do ano natural. As cotas non serán reducibles polos períodos de tempo sinalados nos respectivos epígrafes.

ARTIGO 8. NORMAS DE XESTIÓN.

1. No momento de solicitar a autorización para realizar os aproveitamentos previstos nesta ordenanza, os peticionarios deberán efectuar o depósito previo do importe correspondente ao primeiro período a que se refira a súa instancia. Poderá establecerse a obriga de autoliquidar o importe e ingresar simultaneamente a cantidade resultante. Concedida a licenza, aplicarase o importe do depósito á liquidación provisional que se aprobará na mesma resolución. As cotas correspondentes a posteriores períodos poderán ser incluídas no correspondente Padrón, conforme ao previsto na Ordenanza xeral de xestión.
2. Solicitada a licenza de ocupación do subsolo, solo ou voo por medio dunha instancia dirixida á Xunta de Goberno Local e presentando os documentos que sexan necesarios en cada caso, procederase á tramitación do expediente. Adoptado o acordo pola Xunta de Goberno Local, notificaráselle ao interesado e comunicaráselles aos servizos municipais encargados da súa execución.

ORDENANZA FISCAL Nº 22 REGULADORA DA TAXA POLA OCUPACIÓN DO SUBSOLO, DO SOLO E DO VOO DAS VIAS PÚBLICAS E DOUTROS TERREOS DE USO PÚBLICO LOCAL

Revisada a liquidación, efectuaranse os aboamentos ou esixiranse as diferenzas que procedan.

ARTIGO 9. INFRACCIÓNS E SANCIÓN S TRIBUTARIAS.

Para a cualificación das infraccións tributarias, así como das sancións que a elas lles corresponden en cada caso, estarase ao disposto nos artigos 178 e seguintes da Lei xeral tributaria e na Ordenanza xeral de xestión.

DISPOSICIÓN FINAL.

A presente ordenanza, que consta de nove artigos, foi aprobada polo pleno na sesión realizada o 4 de novembro de 2021, entrará en vigor o día 1 de xaneiro do 2022 e producirá efectos mentres non se acorde a súa modificación ou derogación.